



A Paixón de María Soliña



INDICE

- 1. Introducción ... 3
- 2. A longametraxe ... 5
- 3. A inspiración ... 7
- 4. O reparto ... 8
- 5. Os creadores ... 12
- 6. A rodaxe ... 13
- 7. Novas tecnoloxías ... 17
- 8. Lenda produción ... 18





‘A Paixón de María Soliña’ é unha longametraxe de ficción e documental que pretende levar á pantalla a unha das figuras máis representativas da Historia de Galicia: María Soliña. Esta muller foi apresada na vila de Cangas pola Santa Inquisición Española en 1621 acusada inxustamente de bruxería. Ós seus setenta anos tivo que soportar o proceso inquisitorial e a sentenza que a condenaba a levar o sambenito durante seis meses e ó escarnio público. Hoxe en día sábese que os verdadeiros motivos do seu procesamento foron económicos e sociolóxicos. Tratamos, por medio desta longametraxe, aclarar cal foi a realidade deste acontecemento. Tamén pescudamos no funcionamento e a historia da Inquisición Española e do Tribunal da Inquisición de Santiago de Compostela. O proceso de bruxas de Logroño acontecido nos primeiros anos do século XVII e a importancia do inquisidor Alonso de Salazar e Frías para o devenir da historia da Inquisición e os xuízos por bruxería. Gracias os informes de Salazar, María Soliña e outras moitas mulleres non foron mandadas á fogueira.





Compre lembrar a necesidade de que o audiovisual galego teña continuamente presente a súa cultura literaria e histórica como fonte de inspiración. Non só porque sexa esta unha das súas funcións principais (a de ilustrar a propia Historia) senón coma unha medida de enriquecemento que lle confire un interese particular e diferenciado, aproveitando así para mostrar os valores culturais e naturais que caracterizan o entorno galego.





A LONGAMETRAXE. O argumento.

'A paixón de María Soliña' é unha longametraxe de corte histórico que describe o nacemento, a estrutura e a función do tribunal da Inquisición Española a través do proceso contra María Soliña acontecido en Galicia a comezos do século XVII. A pretensión é narrar a crónica destes feitos facendo fincapé nas motivacións históricas e sociais ocultas tralas acusacións de bruxería que abundaron neses tempos.

María Soliña é unha das personaxes lendarias da cultura galega que mellor definen a loita contra a adversidade e a represión do poder. A súa historia resume á perfección o proceso ao que se viron sometidas numerosas mulleres, non só en Galicia senon tamén en toda Europa, acusadas de bruxería e xulgadas polo tribunal da Inquisición. María Soliña converteuse nun icono da cultura galega, a súa historia foi transmitida de maneira oral para ser tratada ó longo do século XX por numerosos artistas e historiadores ata convertila nunha nova Xoana de Arco.

O tribunal da Inquisición Española nace da man dos Reis Católicos no século XV. A súa implantación progresiva ó longo dos diversos reinos espallados pola península responderá a variadas razóns de estratexia político-relixiosa, pero fundamentalmente á intención de eliminar as ideas e crenzas que non pertencieran ó dogma católico, como o xudaísmo, o protestantismo e as prácticas paganas.

Os xuízos por bruxería foron unha tónica habitual ata ben avanzado o século XVII. Poucos anos antes do xuízo contra María Soliña, os acontecementos derivados do proceso de Logroño en 1612 contra a secta de bruxos de Zugarramurdi, no prineo navarro, cambiarán totalmente o rumbo da lexislación inquisitorial. O xuíz inquisidor Alonso de Salazar y Frías, realiza un extenso traballo baseado na recopilación de probas e na escrita de varios memoriais para demostrar que o esoterismo e a superstición estaban





moi presentes nas sentenzas por bruxería e na mentalidade de moitos inquisidores, clérigos e xuíces. A partires do seu traballo, considerado hoxe en día como un referente humanístico, practicamente desaparecen as condenas á fogueira nos tribunais inquisitoriais.

A longametraxe profundiza mediante ficcións de época en todos este feitos, dende a historia de María Soliña ata a instauración do Tribunal de Santiago de Compostela, a historia da Inquisición Española desde a súa fundación, o proceso de Logroño e a investigación do inquisidor Alonso de Salazar y Frías 'o avogado das bruxas'.





O punto de partida á hora de escribir o guión desta longametraxe foi a intención de facer unha versión audiovisual da historia de María Soliña, distinguindo entre os acontecementos estrictamente históricos e aquelas crenzas derivadas do universo lendario. A través desta crónica, ambientada no século XVII, preténdese trazar un perfil veraz e alonxado de tópicos do *modus operandi* do tribunal da Inquisición Española.

A longametraxe estrutúrase por medio da entrevista a un historiador, que sitúa os feitos históricos e comenta o seu trasfondo social.

O xénero desta película podería denominarse como “ensaio ficcionado”.

O título, *A paixón de María Soliña*, ven sendo unha alusión directa ó filme de Dreyer *La passion de Jeanne D’arc*, polos paralelismos lendarios entre as dúas personaxes. O estilo cinematográfico rinde tributo, á súa vez, á obra do director danés, inspirándose no estilo de filmes posteriores como *Ordet* ou *Dies Irae*.





MARÍA SOLIÑA - LUMA GÓMEZ



María Soliña vive en Cangas, vila mariñeira do sur de Galicia. Alí adícase a traballos derivados da pesca e vivía co seu marido Pedro Barba, de oficio pescador. Posuía certos bens que lle conferían un estatus privilexiado, entre estas propiedades estaban os dereitos de presentación. Cunha idade xa moi avanzada, perde ó seu marido Pedro Barba e ó seu irmán Antón Soliño no ataque que varios barcos corsarios perpetran contra Cangas a comezos do século XVII. Poucos anos despois é acusada de practicar a bruxería e xulgada polo tribunal da Inquisición de Santiago de Compostela. Non foi condenada á fogueira, senon a levar o sambenito durante seis meses e á confiscación de todos os seus bens. Hoxe en día, a historiografía coincide nas motivacións económicas ocultas tras estes xuízos. Despois da condena pérdese a pista de María Soliña, sen que saibamos a data e o lugar da súa morte. Pasa a formar parte do corpus lendario de Galicia.





ALONSO DE SALAZAR Y FRÍAS - ÁNGEL OUTERELO




Alonso de Salazar y Frías foi un dos tres xuíces inquisidores encargados de xulgar á secta de bruxos de Zugarramurdi. Este xuízo tivo lugar en Logroño e derivou nun dos autos de fe máis famosos de toda a historia da Inquisición Española, polo número de condenados e a base da acusación, que daba crédito á existencia de fenómenos esotéricos derivados da maxia negra. Salazar y Fría adoicou varios anos a percorrer navarra coa teima de demostrar que a acusación carecía de probas baseadas ne razón e na xurisprudencia. A súa investigación concretouse nun memorial que cambiou a lexislación inquisitorial, adiantándose en moitos anos ó pensamento racionalista que aparecería en moitos países de Europa e que suporía o fin da tutela da Inquisición como entidade represora.





TRIBUNAL DA INQUISICIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



O tribunal da Inquisición de Santiago de Compostela aparece como a última sucursal da Inquisición Española en ser implantada nos reinos tutelados pola coroa de castela. Galicia era considerada unha terra especialmente necesitada do control inquisitorial pola influencia do xudaísmo, o protestantismo e a pervivencia de cultos e prácticas paganas.

Os tribunais a doitaban estar compostos por tres xuíces - **SUSO CORTEGOSO, ÁNGEL REGUEIRO e MIGUEL LLANDERAS** - un escribano -



MANUEL POMBAL - e un fiscal - **ALFREDO RODRÍGUEZ**. A casa da Inquisición estaba situada, nos primeiros anos da institución, a carón do mosteiro beneditino de San Martiño Pinario. Ademais das

dependencias xudiciais, atopábanse nesta casa os cárceres onde os reos agardaban a condena. Alí habitaban xuíces, xente de servizo e carceleiros - **MANUEL NOVOA**.





BRUXA DE ZUGARRAMURDI

MARTA GONZÁLEZ

Entre os acusados de formar parte da secta de bruxos de Zugarramurdi atopábase xente de toda condición, sexo e idade. Salazar y Frías destaca nos seus memoriais a falta de raciocinio de moitos dos condenados e o feito de que non se podía dar crédito ás súas declaracións, por fantasiosas e produto da tolemia en moitas ocasións.

HISTORIADOR - XAIME AGUIAR



A paixón de María Soliña

A longametraxe está estruturada por medio da entrevista a un historiador, que fai a función de narrador e permite aportar datos que enriquezan a crónica. Grazas a esta figura, queda patente a tensión entre a lenda e a Historia.





OS CREADORES

Alfonso Castaño e Emilio J. Fernández



Os creadores comparten unha interese conxunta polo ámbito do lexendario, o fantástico e o histórico, adicando así varios anos de documentación sobre estes temas aplicados tanto a cultura galega como europea. Ambos confeccionan a escrita dun guión baseado en feitos históricos e estruturado como unha crónica de época. A dirección baseouse nun criterio de excelencia e de respecto pola tradición cinematográfica, pouco habitual neste tipo de traballos: o coidado na iluminación

buscando a inspiración na pintura barroca, o deseño dun vestiario específico para este filme e confeccionado con materiais propios da época na procura dun maior realismo e credibilidade nas escenas e nas motivacións dos personaxes. Asímesmo deseñouse unha banda sonora orixinal de estilo clásico para a totalidade da longametraxe e que foi gravada en estudio co quinteto de cordas *Aurum Ensemble*.

A produción corre a cargo de **PRODUCTORA FARO S.A.**, productora



viguesa con moitos anos de experiencia en cine e programas de televisión (www.productorafaro.com)






A RODAXE

Para a rodaxe desta historia, ambientada no século de XVII, bucáronse lugares emblemáticos, tanto en interiores como en exteriores, que puideran aportar credibilidade e nos trasladasen á época na que acontece a acción.

MOSTEIRO DE CARBOEIRO (Bandeira - Pontevedra)

Esta localización proporcionaba as condicións idóneas para recrear o Tribunal da Inquisición de Santiago de Compostela e o xuízo a María Soliña. Asímesmo, no entorno do mosteiro ficcionamos a viaxe de Salazar e Frías polo Pirineo navarro en 1614, no seu estudio sobre o proceso de Logroño e as bruxas de Zugarramurdi. O lugar ofrecía un entorno similar ao das montañas navarras pola súa orografía, a paisaxe, a vexetación...





RECTORAL DE BARCIADEMERA (Covelo - Pontevedra)

Nesta localización recreamos o cárcere da Inquisición e a sala da tortura á que levaron a María Soliña mentres durou o xuízo.

No entorno gravaronse as escenas de bruxería de María Soliña, segundo as declaración das testemuñas no xuízo da Inquisición.





PAZO DE NEGREIRA

No Pazo de Negreira, nunha das casas antigas anexas ao edificio (do século XVII) ficcionouse a casa de María Soliña de Cangas, na que vivía co seu marido. Asímesmo, no mesmo pazo gravouse as escenas do Historiador na que nos vai contando a historia da Inquisición e de Soliña.





EXTERIORES NATURAIS

Outras localizacións de distintas secuencias da longametraxe foron no entorno de Cangas, en Cabo Home, en Moaña, Lalín, Silleda, Vila de Cruces, Santiago de Compostela, Tui, Arbo, Illas Cíes, Vigo, Baiona e Oia.

Asímesmo houbo que desplazarse para gravar algunha secuencia ata os Picos de Europa en León.





NOVAS TECNOLOXÍAS - técnica de gravación

A longametraxe de 'A PAIXÓN DE MARÍA SOLIÑA' está gravada con novas técnicas de gravación. O formato de gravación fíxose cunha cámara de fotos Canon 5D Mark II. Dita técnica de gravación está sendo cada vez máis usada en grandes producións en Estados Unidos (series e películas), dado os seus baixos custos de gravación e a alta calidade que aporta á imaxe. O feito de usar esta cámara é, precisamente, pola alta calidade que nos proporcionaba nos planos, e o aspecto cinematográfico e pictórico ás imaxes. Coidouse moito a fotografía para conseguir o efecto das pinturas do século XVII.





Lenda produción

Título: A PAIXÓN DE MARÍA SOLIÑA

Longametraxe ficción e documental

Ano produción: 2012

Formato: 2:35 / Full HD

Cámara: Canon 5D Mark II

Duración: 66'

Producción: PRODUCTORA FARO S.A.

Carretera Baiona, nº 84, 36213, Vigo (Pontevedra)

986.213.809 / 667.748.614 (Emilio) Fax: 986.299.528

Guión y dirección: Emilio J. Fernández y Alfonso Castaño

Producción executiva: Javier Collazo

Dirección de produción: Emilio J. Fernández

Produtora: Eva Penelas

Música: Iván Salgado

Deseño vestiario: Isabel Fernández

Fotografía: Jose Fernández

Editor: Damián Varela

Dirección artística: Raquel Vázquez

Intérpretes: Luma Gómez, Xaime Aguiar, Ángel Outerelo, Alfredo Rodríguez, Suso Cortegoso, Miguel Llanderas, Ángel Regueiro, Marta González y Manuel Novoa.

